



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa a enquisa trimestral de custo laboral do segundo trimestre do 2015.

Exposición de motivos

A publicación polo IGE da enquisa trimestral de custo laboral do segundo trimestre do 2015 sinala o sentido que adquire a recuperación económica do PP, que non é outra que o de favorecer os intereses das clases dominantes, cuxa expresión política por outra parte representa o partido que sostén ao goberno de Núñez Feijóo.

Outro trimestre máis o custo laboral das empresas diminuíu en un 2,1% en taxa interanual. Para Galicia ese custo laboral total importa 2.242,86 euros. Respecto á media estatal seguimos á cola, tanto na evolución interanual que marcou un incremento do 0,4% como na contía absoluta, que suma 2.591,5 euros.

O custo salarial tamén cae un 2,2% en taxa interanual (no Estado se incrementa pola contra un 0,6%). O custo salarial queda no noso país en 1.635,8 euros, máis de 300 euros por baixo do custo medio estatal.

Evolución semellante presenta o custo laboral por hora efectiva, que si no Estado crece un 0,2% en Galicia cae un 2,2%. Cada hora efectiva supón en Galicia 16,67 euros e en España, 19,71 euros.

Galicia acompaña sitúase no penúltimo lugar cos maiores descenso. Traballa máis horas que unha media estatal da que progresivamente diverxemos máis.



Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver unha política alternativa a que executa na actualidade para reverter a crecente desigualdade e pobreza provocadas, entre outras cuestión, pola rebaixa salarial.
- O Parlamento galego insta á Xunta a demandar do goberno central a derogación do decreto lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo e o decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

En Compostela, a 17 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/09/2015 13:55:26